



BASES MASTER PROVINCIAL DE A CORUÑA

-Para participar é preciso estar en posesión de Licencia en vigor. Designaranse os Lucky loser de acordo á norma vixente.

-Só se poderán inscribir os **16 primeir@s** xogadores e xogadoras do ranquin, e que TEÑAN LICENCIA POR UN CLUB DA PROVINCIA DA CORUÑA (os xogadores dos postos seguintes poderan inscribirse como suplentes).

-A inscrición farase por e-mail a clubtenispuntasalera@yahoo.es ou en Ibertenis , ata o **13 de Decembro ás 14:00** horas e nela deberá constar nome completo, licencia, ranking, club e problemas horarios. Ademáis deberase adxuntar (ou poñer a data de ingreso en observacións na inscrición en Ibertenis) o xustificante de pago da inscrición de 22€ na conta do CLUB TENIS BOIROMAR: 0133 6052 91 4200001337 de LA CAIXA.

-Xogarase en horario de mañá e de tarde, polo que, se alguén ten algún problema horario nesas datas, debe indicalo na inscrición, do contrario, non se terá en conta.

- O sorteo será o 13 de Decembro na casa da Cultura de Boiro ás 15:00. Os horarios no tfno. 691203243, por e-mail ou Ibertenis.

-A competición celebrarase os días: 23 Ó 27 de Decembro, en superficie de pista dura indoor. O número de homologación é 991.

- Os cadros serán de 16 xogador@s, xogarase con bola Babolat e o sistema de xogo será ó mellor de 3 sets pero con super-tie break substituindo ó terceiro.

-O xuíz árbitro será Blas R. Sobrido Lago. Adxuntos: Víctor Sobrido, Juan Carlos Simal, Manuel Franco e Virginia Simal.

-Aplicarase o W.O. pasados 10 minutos da hora fixada, e os cabezas de serie fixaranse según a clasificación actual. **Ademais, a entrega de premios oficial, cerebrarase ó remate da última final, e aquel xogad@r que non esté presente, perderá o dereito ó premio e o trofeo.**

-O hotel oficial do torneo será o "Hotel Jopi" en Boiro, e o precio da habitación dobre (con almuerzo incluído) é de 45€. A reserva farase directamente no hotel no tfno. 981 844470.

- Os premios serán os seguintes: 650€ en vales en material deportivo, en cada categoría, co reparto:

CAMPION/A-----120€
FINALISTA-----90€
SEMIFINALISTA-----60€
CUARTOFINALISTA-----32€
OCTAVOFINALISTA-----24€

- **seguirase o protocolo de competición individual establecido pola Federación Galega de Tenis.**

MEDIDAS DE SEGURIDADE:

- Non se permitirá o acceso a persoas con síntomas da enfermidade.
- Queda prohibido compartir bebidas e alimentos.
- Deberase traer a mascarilla, ata a entrada en pista.
- - Os xogadores e o público en xeral, deberán absterse, de ter contacto, con calquer obxecto común.
- - Utilizarase o xel desinfectante antes e despois do partido, que estarán a disposición dos participantes, que no teñan.
- - Os xogadores só terán acceso a baños, non vestiarios.
- As sillas de cada xogador estrán separadas por 6 metros, os xogadores farán os cambios de campo por lados diferentes, e eliminarase o saúdo inicial e final.
- Deberase respetar en todo momento, a distancia de seguridade.
- En canto ao aforo, O ESPACIO PARA O PUBLICO ESTARÁ SO RESERVADO PARA 30 PERSOAS SENTADAS.
- Non existirán pistas de quencemento.
- Todas estas medidas, iranse axustando á normativa, en caso de que esta varíe.

Dereitos de Imaxe: Estas bases son públicas. A participación no Campionato supón a cesión dos dereitos de imaxe a Federación Galega de Tenis por parte de todos os participantes no campionato, xogadores, adestradores, capitáns ou membros da organización. A FGT comprométese a utilizarlos dereitos cedidos con fins promocionais e de información. Todo aquel xogador, adestrador, membro da organización que non dexese participar coa súa imaxe nos actos do campionato excepto: fotografías de entrada a pista, de grupo e entrega de trofeos, deberá comunicalo por escrito a FGT.

The logo for 'Ibertenis' is written in a stylized, rounded, blue font with a white outline and a slight shadow effect, giving it a 3D appearance. The letters are lowercase and connected.